



Concello de Mugardos
(A Coruña)

CONCELLO DE MUGARDOS

ANUNCIO

ELEVACIÓN A DEFINITIVA DA LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, DESIGNACIÓN DE TRIBUNAL E FIXACIÓN DA DATA E HORA DE REALIZACIÓN DA SESIÓN CONSTITUTIVA E DE VALORACIÓN DE MÉRITOS DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN POLO SISTEMA EXCEPCIONAL DE CONCURSO, EN EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022, PRAZA AUXILIAR ADMINISTRATIVO.

D. José Miguel Mahía Prados, Concelleiro Delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior (delegación efectuada pola Resolución da Alcaldía núm. 2023-0615, de data 26.06.2023), pola Resolución da alcaldía núm. 2024-1230, de data 24.06.2024, resolveu:

“Primeiro.- Elevar a definitiva a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo antes referido, aprobada pola resolución da alcaldía núm. 2024-0913, de data 05.08.2024, e que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 153, de data 09.08.2024, no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello de Mugardos con acceso <https://mugardos.sedelectronica.gal/info.8> e na sección de emprego do portal da transparencia (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency/02f34628-bd6d-4e8d-9312-e80e7a227874/>), e de xeito complementario, na páxina web do Concello de Mugardos (<https://mugardos.gal/es/>).

Segundo.- Designar o Tribunal cualificador que xulgará o proceso selectivo, que estará integrado da seguinte maneira:

Presidente/a:

Titular: Mercedes Ocampo Santiago, tesoureira do Concello de Mugardos

Suplente: Ana María Gómez Peña, interventora do Concello de Mugardos

Secretario/a:

Titular: Paula E. Ramos Díaz, secretaria do Concello de Mugardos

Suplente: Irene Suárez López, Secretaria-Interventora do Concello de Cabanas

Vogais:

Vogal 1:

Titular: Diego Seijo Alonso, administrativo do Concello de Mugardos.

Suplente: Cristina Otero Taboada, auxiliar administrativa do Concello de Mugardos

Vogal 2:

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos

C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Titular: Adrián J. Márquez Caramés, Secretario do Concello de Betanzos.
Suplente: Federico María Suárez Cancelo, Secretario do Concello de Oroso.

Vogal 3:

Titular: María del Rocío Blanco Fernández, psicóloga do Concello de Mugardos.
Suplente: Mónica Antelo Martelo, psicóloga de Servizos Sociais e CIM do Concello de Ames.

Os/as interesados poderán promover a recusación dos membros do tribunal de acordo co sinalado no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Terceiro.- Convocar aos membros do tribunal cualificador para que concorran ao Salón de Plenos da Casa do Concello o día 7 de novembro de 2024, ás 9.00 h., co obxecto de levar a cabo a sesión constitutiva e de valoración do proceso de estabilización polo sistema excepcional de concurso, en execución da oferta de emprego público do ano 2022, praza Auxiliar Administrativo.”

Contra o acordo de aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, definitivo en vía administrativa, poderán as/os interesadas/os interpoñer, con carácter potestativo, o recurso de reposición ante o mesmo órgano que o dictou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello de Mugardos con acceso <https://mugardos.sedelectronica.gal/info.8> e na sección de emprego do portal da transparencia (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency/02f34628-bd6d-4e8d-9312-e80e7a227874/>). Si se interpón o recurso de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte ó de aquel no que se produza o acto presunto.

Non obstante, poderase impugnar directamente o presente acto ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo. A tal efecto poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación da presente, ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Ferrol.

Así mesmo, poderase interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente.

Asinado dixitalmente polo Concelleiro Delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior, D. José Miguel Mahía Prados, en data 28 de outubro de 2024.

